CONGRESO DE LOS DIPUTADOS

A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de cuanto se establece en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la museización a la que se comprometió el Ministerio de Transportes, a través de la Autoridad Portuaria, en el castro de Cociñadoiro destruido por las obras de Punta Langosteira.**

El castro de Cociñadoiro, también conocido como Punta de Muros, fue un asentamiento atlántico de principios de la Edad del Hierro, que destacó por la peculiaridad de su urbanismo y por los objetos que se encontraron en su emplazamiento. Estaba situado en un punto estratégico, justo antes de la llegada del Golfo Ártabro desde el sur. No obstante, fue completamente destruido en 2005 como consecuencia de la construcción del complejo portuario de Punta Langosteira, el puerto exterior de A Coruña.

El castro de Cociñadoiro destaca tanto por su función como por su cronología, ya que cuenta con una datación que permite situarlo como uno de los castros más antiguos del noroeste peninsular. En su construcción destaca también el sistema defensivo que aprovechó la orografía, situándose en la costa, rodeado de acantilados y con un complejo sistema defensivo con una gran muralla de 3 metros de altura y 8 metros de ancho sobre el istmo que une el asentamiento con tierra.

Los edificios son otra de sus particularidades, ya que contaba con espacios que alcanzaban los 150m2 de superficie y tenían plantas cuadrangulares. Entre las estructuras se podían distinguir claramente algunas dedicadas a la metalurgia y al almacenamiento. De hecho, los restos de carbón y escoria encontrados dieron lugar a considerar que sus habitantes se dedicaban fundamentalmente a la producción de metales que luego intercambiaban para obtener otros recursos.

Antes de iniciar las obras en el puerto, en 2005, se realizó una excavación arqueológica en profundidad del complejo del fuerte con la intención de documentar todo lo relacionado con el asentamiento antes de su destrucción. En aquel momento, el Gobierno del Estado se comprometió a crear un centro de interpretación que reuniera toda la información sobre el asentamiento y musealizara los hallazgos de la excavación del castro; no obstante, veinte años después de que fuera arrasado, no se ha materializado ninguna actuación al respecto.

En 2021, en respuesta a una pregunta presentada por el BNG en el Congreso de los Diputados, el Gobierno declaró que los restos menores extraídos del yacimiento, unos 10 000 registros en total fueron depositados en el Museo Arqueológico de A Coruña, mientras que los de mayor tamaño están en la Autoridad Portuaria.

Al llevarse a cabo las obras del puerto exterior se encontraron otros restos en los límites expropiados por el puerto exterior a 200 metros del Castro de Rañobre y salió a la luz una superficie de 30 metros lineales que parecía corresponder a unas construcciones funerarias de época tardorromana, que la propia Autoridad Portuaria reconoció que fueron analizadas y delimitadas «procediendo a su delimitación y protección». En aquel momento, en 2009, la asociación de vecinos de Rañobre también obtuvo el compromiso de la Autoridad Portuaria de analizar exhaustivamente los restos encontrados y estudiar las líneas a seguir para su conservación, recuperando sus hallazgos, valorando su exposición del mismo modo que se haría con el Castro Cociñadoiro, promesas que también han sido incumplidas hasta el día de hoy por la Autoridad Portuaria y el Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible.

En este mismo año, el puerto sacó a concurso la redacción del proyecto de construcción para la musealización de los restos del castro de Cociñadoiro, que finalmente fue adjudicado casi dos años después, en 2011, con la previsión de que se destinarían 2,1 millones de euros, pero aunque fijaron la fecha de apertura para 2012, una vez más los compromisos no se materializaron. Esta operación también se vio dificultada por la propuesta de cambio de ubicación, que no contó con el visto bueno de los vecinos y vecinas por estar alejada de los lugares de donde fueron retirados los hallazgos.

Tras años de silencio, en 2024 la Autoridad Portuaria anunció de nuevo el inicio de la ejecución del plan técnico, pero ha vuelto a decepcionar al conjunto de la ciudadanía, pues hace apenas unos meses, a principios de este año, hizo público que la actuación no tiene plazo límite por no considerarse prioritaria en el momento actual.

En definitiva, la construcción del puerto exterior afectó a la riqueza patrimonial y paisajística de ese punto del litoral del Municipio de Arteixo, pero, a cambio, el Gobierno se comprometió a una serie de actuaciones que, en cierta medida, permitirán compensar la destrucción de ese patrimonio histórico y cultural. El museo permitiría poner en valor los restos y la historia del lugar, atraer visitantes y ayudar a revitalizar estas parroquias.

Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Cumplirá el Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible, a través de la Autoridad Portuaria, su compromiso de construir un Centro de Interpretación del Castro Cociñadoiro de Arteixo que albergue los materiales arqueológicos encontrados en el yacimiento en la excavación realizada antes de su destrucción durante las obras del puerto exterior de Punta Langosteira y que debería haberse construido en 2012?
2. ¿Incorporarán los restos o información encontrados en la excavación de los restos tardorromanos próximos al castro de Rañobre?
3. ¿Tiene el Ministerio alguna planificación o calendario respecto a la fecha en que comenzarán las obras de construcción del Centro de Interpretación de Castro Cociñadoiro?
4. ¿Cuál será la ubicación definitiva del centro? ¿Cuál es el presupuesto final del proyecto? ¿Quién gestionará el museo? ¿Mediante que fórmula?
5. ¿Valora la cesión a la Xunta de los restos encontrados en estos yacimientos que actualmente custodia la Autoridad Portuaria tal y como correspondería dado que forman parte del patrimonio cultural propio de Galicia?

Madrid, a 24 de mayo de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL
24 MAY. 2025 12:49:41
Entrada 69626

Sobre a musealización dos restos arqueolóxicos do castro de Cociñadoiro en Arteixo

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado

C.DIP 69662 26/05/2025 10:25

Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG),** Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do estabelecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á musealización comprometida polo Ministerio de Transportes, a través da Autoridade Portuaria, no castro de Cociñadoiro destruído polas obras de Punta Langosteira.**

O castro de Cociñadoiro, tamén coñecido como de Punta de Muros, foi un asentamento atlántico da primeira Idade do Ferro, que destacaba pola peculiaridade do seu urbanismo e polos obxectos que foron atopados na súa localización. Situábase nun punto estratéxico, xusto antes da chegada ao golfo Ártabro desde o sur, con todo, foi arrasado por completo en 2005 como consecuencia da construción do complexo portuario de Punta Langosteira, porto exterior da Coruña.

O castro de Cociñadoiro destaca tanto pola súa función como pola súa cronoloxía, ao contar cunha datación que permite situalo como un dos castros máis antigos do noroeste peninsular. Na súa construción destaca tamén o sistema defensivo que aproveitou a orografía, ao situarse na costa, rodeado por cantís e cun complexo sistema defensivo cunha gran muralla de 3 metros de altura e 8 metros de acho no istmo que une o asentamento a terra.

As edificacións son outra das súas peculiaridades, pois contaba con espazos que alcanzaban os 150m2 de superficie e con plantas cuadrangulares. Entre as estruturas podían distinguirse claramente algunhas dedicadas á metalurxia e á almacenaxe, de feito, os restos achados de carbóns e escouras levaron a

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL
24 MAY. 2025 12:49:41
Entrada 69626

considerar que o poboado se dedicaba fundamentalmente á produción de metais que logo se intercambiaban para obter outros recursos.

Antes de iniciar as obras no Porto, en 2005, realizouse no castro unha escavación arqueolóxica do complexo en profundidade coa intención de documentar todo o relacionado co poboado antes de que fose destruído. Naquel momento, o Goberno do Estado comprometeuse a crear un centro de interpretación que reunise toda a información do asentamento e musealizar os achados da escavación do castro, con todo, transcorridos xa vinte anos desde que o castor foi arrasado, aínda non se materializou ningunha acción para logralo.

En 2021, en resposta a unha pregunta presentada polo BNG no Congreso dos Deputados o Goberno declaraba que os restos de menor tamaño retirados do xacemento, uns 10.000 rexistros en total, foron depositados no Museo Arqueolóxico da Coruña, mentres que os máis grandes se encontran na Autoridade Portuaria.

Coas obras do porto exterior encontráronse outros restos nos límites expropiados polo Porto Exterior a 200 metros do Castro de Rañobre, saíu á luz unha zona de 30 metros lineais que parecía corresponderse cunhas construcións funerarias de época tardo romana, que a propia Autoridade Portuaria recoñeceu que foron analizados e delimitados "procedendo á súa delimitación e protección". Nesa altura, no 2009, a asociación de veciños de Rañobre, conseguiu tamén o compromiso á Autoridade Portuaria de analizar exhaustivamente os restos atopados e estudar as liñas para seguir para a súa conservación, recuperando os seus achados, valorando a súa exposición igual que se faría co Castro Cociñadoiro, promesas incumpridas tamén até o día de hoxe pola Autoridade Portuaria e polo Ministerio de Transportes e Mobilidade Sustentábel.

Nese mesmo ano, o Porto sacaba a concurso a redacción do proxecto construtivo para a musealización dos restos do castro de Cociñadoiro que, finalmente, foi adxudicado case dous anos máis tarde, no 2011, prevéndose que se destinarían

C.DIP 69662 26/05/2025 10:25

2,1 millóns de euros, porén, aínda que fixaron a data de apertura para o 2012, máis unha vez, os compromisos non chegaron a materializarse. Unha operación que se viu tamén dificultada pola proposta dun cambio na ubicación, que non contaba co visto e prace da veciñanza por afastarse dos lugares dos que foron retirados os achados.

Despois de anos de silencio, en 2024, a Autoridade Portuaria anunciaba, novamente, o inicio da execución do plan técnico, mais volveu defraudar ao conxunto da veciñanza, pois fai só uns meses, a comezos deste ano, facía público que a actuación queda sen prazo por non consideralo unha prioridade no momento actual.

En definitiva, a construción do Porto Exterior afectou á riqueza patrimonial e paisaxística dese punto da costa do Concello de Arteixo, mais como contraprestación, o Goberno comprometeu unha serie de accións que, en certa medida, permitirán compensar a destrución dese patrimonio histórico e cultural. A musealización permitiría pór en valor os restos e a historia do lugar, atraer visitantes e axudar á dinamización destas parroquias.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Cumprirá o Ministerio de Transportes e Mobilidade Sustentábel, a través da Autoridade Portuaria, o compromiso adquirido de construír un Centro de Interpretación do Castro Cociñadoiro de Arteixo para aloxar os materiais arqueolóxicos aparecidos no xacemento na escavación realizada antes da súa destrución durante as obras do porto exterior de Punta Langosteira e que xa debería estar construído en 2012?

2. Incorporará os restos ou informacións encontrados na escavación dos restos tardo romanos próximos ao castro de Rañobre?

24 MAY. 2025 12:49:41 Entrada: 69626

C.DIP 69662 26/05/2025 10:25

3. Conta o Ministerio con algunha planificación ou cronograma sobre a data en que as obras de construción do Centro de Interpretación do Castro Cociñadoiro serán iniciadas?

4. Cal vai ser a ubicación definitiva do centro? Cal é o orzamento final do proxecto? Quen xestionará o museo? Mediante que fórmula?

5. Valora a transferencia dos restos atopados nestes xacementos que están custodiados neste momento pola Autoridade Portuaria á Xunta como correspondería ao tratarse de patrimonio cultural propio de Galiza?

Madrid, a 24 de maio de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso

24 MAY. 2025 12:49:41 Entrada: 69626